




Festas na Escola

OS MAIOS



COLECTIVO "OLLO DE SAPO"

MARÍA PILAR LORES TORRES
XOSÉ CARLOS MORGADE MARTÍNEZ



Textos etnográficos



A FESTA DO 3 DE MAIO EN LAZA

Na antiga vila de Laza, preto de Verín, celébrase o día 3 de maio unha das festas más interesantes da nosa terra, na que se xuntan unha chea de elementos heteróclitos: o Maio, unha procesión da Virxe e do Santo Cristo con figuras que semellan sacadas dalgún misterio sacro medieval, a representación do Sacrificio de Isaac, unha danza e un combate de mouros e cristiáns. Pódese supór que estes elementos terían lugar noutro tempo, arredados uns dos outros, en diversas ocasións do ano. O ciclo completo, tal como resultou tras xuntárense, é como segue:

O 30 de abril, á noite, os mozos comezan a berrar pola xente, espertando a todos e alporizando a vila. De que se xuntan todos, van procura-lo Maio á devesa dun veciño calquera e alí arrincan a árbore máis alta e máis dereita que atopan para chantala nun dos catro sitios da vila en calidade de Maio. Son catro as que poñen: unha na praza da Picota, outra no Rigueiro, outra na Rúa e outra na Cerdeiriña. Van adornadas con bandeiras e teñen que aparecer xa postas o 1º de maio, á mañá, e quedan nos sitios ata pasado o día 3. Ó pé do Maio da Picota poñen un taboado para representaren o Sacrificio de Isaac.



Textos etnográficos

Días antes os mordomos escollen un Adán e unha Eva. O Adán ten que ser un home xa feito, animado e chistoso; a Eva, unha mocíña solteira, de boa sona e a más bonita que atopen, mais ninguén ten que saber quen vai ser, como non sexan os mordomos, a familia e as que a teñen que vestir.

O día 3, sobre as dez da mañá, botan unhas cantas bombas e a banda sube tocando ata a igrexa a buscar a Adán, o cal sae vestido cunha sorte de camisa branca ata debaixo dos xeonllos, con mangas de puños cinguidos e que leva prendidas con follas de figueira, na cabeza un puchón branco, cónico, dobrado para diante e cunha borla que lle cae na fronte e cunha aixada ó lombo para indicar o traballo que lle foi imposto polo pecado, como as follas representan o primeiro vestido dos nosos primeiros pais. Con el veñen os danzantes, Abraham, Isaac e mailo Anxo.

Baixan de novo cara á Picota pois nunha das súas casas hase vestir Eva. Adán detense diante da porta, agardando. O portal da casa áchase estrado cunha alfombra na que botan flores e espadanas. Eva vén vestida cunha túnica branca de raso de seda, longa ata os pés, co baixo cuberto de encaixes, sen escote e con mangas, con sabelo longo do mesmo xénero e un manto que a cobre toda por detrás; leva o cabelo solto, moi rizo, perfumado e cinguido cunha diadema de tres fíos de perlas de vidro dourado entretecido de flores de azahar. Leva cantas alfaias pode recadar: colares, pulseiras e aneis, unhas dela e outras emprestadas. Leva unha roca (atributo tradicional da muller, polo menos desde a idade media) cunha estriga de liño que vai fiando, bailando o fuso coa man dereita e, no brazo esquierdo, un queipiño con



laranxas (se cadra, por non haber mazás no tempo, posto que as laranxas van representando os froitos do Paraíso).

Cando Eva sae da porta, Adán principia a facerlle carantoñas, chistes e parvadas, todo mímico, sen falar, para facela rir, pois Eva non pode rir en todo o tempo; cando cansa de velo colle unha laranxa e métella no bico... A comitiva volve coa música para a igrexa, onde se incorpora á procesión.

A orde da procesión é a seguinte: primeiro dous estandartes, despois o Ramo, que é de loureiro e leva prendidas laranxas, a rosca dos danzantes e un galo; de seguido a Cruz parroquial entre dous farois de lata; a continuación a Virxe do Rosario levada polos mozos; detrás dela o Santo Cristo na cruz, que leva cruzado un pano vermello, como se soe ver no Descendemento; veñen despois os danzantes en dúas filas, seguidos por Adán e Eva e detrás os cregos e Abraham levando da man a Isaac. Cerra a procesión o Anxo seguido da banda e da xente. Ó chegar á Picota, a comitiva detense e soben ó estrado os que van representa-lo Sacrificio de Isaac. Abraham é un home vello, cun pano negro atado á cabeza e unha colcha vermella figurando un manto; na man unha espada. Isaac é un neno de cinco ou seis anos, vestido cunha túnica branca e un pano na cabeza como o de Abraham. O Anxo leva unha túnica igual e pano branco na cabeza. Os personaxes non falan, non fan máis que mímica; quen fala é un "predicador", un veciño calquera sen vestimenta especial que vai referindo a historia segundo calquera libro devoto ben aprendido, mais con emoción e con entonación forte e boa. Conforme fala os outros van representando mimicamente a escena: sobe Isaac cun feixe de leña ás costas, Abraham



Textos etnográficos

áたalle as mans cun pano, vénndalle os ollos, ergue a espada... mais entón o Anxo fala e di as coñecidas palabras: "Detente Abraham, no mates a tu hijo Isaac, que Dios se da por satisfecho con tu fe y obediencia"... Axeónllase Abraham, segue o predicador e traen un carneiro; Abraham dálle coa espada nos cornos e remata o misterio. Os personaxes volven ó seu sitio na comitiva.

De volta a procesión ó adro da igrexa, os danzantes van executando diante do Santo Cristo unha vistosa danza de sinxelos pasos saltados mentres a procesión dá a volta arredor da igrexa. Os danzantes son seis, levan pantalón longo branco, camisa branca coa faldra solta para fóra, cinguida con faixa azul na que levan o pano por mor da suor, gravata de moda e un puchón ovoide de papel rosa con catro fitas azuis que van do baixo ó alto, onde rematan nunha borla. Os dous primeiros levan espadas na man dereita e castañolas na esquerda, os outros soamente castañolas. Ultimamente a vestimenta dos danzantes foi trocada por outra de aparenzia deportiva, con blusa, calzón curto atado no xeonllo, media e boina, mais todo branco coma antes.

Cando a procesión se vai recollendo, antes de que o Cristo entre na igrexa, púxanse as andas para entralo e desde que os que gañaron a puxa as collen, os dous danzantes da primeira parella, que levan espadas, fan o combate do mouro e do cristián, co diálogo seguinte:

Cristián:

-Ánimo soldados míos,
que nadie pierda el aliento



Textos etnográficos

que vamos a defender
el Divino Sacramento.

Mouro:

-Al rigor de esta mi espada
tengo que ganar la batalla
o la muerte será mía
o la victoria ganada.

Cristián:

-Si tienes la confianza
en Mahoma que es tu dueño
pronto verás tu rigor
abatido por el suelo.

Mouro:

-Si tienes la confianza
en el que está en el Altar,
prepárate, cristiano,
que vamos a pelear.

Baten as espadas como se pelexasen, o mouro agáchase vencido e o cristián ponlle a punta da espada no aranguelo e dille:

Cristián:

-Levanta, moro, levanta
y registra la batalla
con la ayuda de María
la victoria está ganada.



Mouro:

-Yo me levanto, señor,
puesto que lo habeis mandado,
que viva la cristiandad
y Jesús Sacramentado.

Non sabemos se hai nesta escena algunha referencia a episodio histórico ou lendario propio ou alleo.

Os personaxes todos que citamos entran na igrexa para oíren a misa en lugar preferente e a Eva é na festa da tarde a moza máis obsequiada; todos queren bailar con ela e facerlle cortesías, habendo a crenza de que casa dentro do ano.

A asimilación do Adán e Eva de Laza a unha parella de Reis de Maio pareceunos noutrora mellor fundamentada do que hoxe nos parece. Nin tan sequera a semellanza da vestimenta coa de personaxes desta clase abunda neste caso: o simbolismo dos atributos que levan é concordante co senso da tradición bíblica. Un dos ciclos fundamentais das representacións populares de carácter relixioso na idade media foi precisamente a historia de Adán e Eva, chamada en Alemaña, onde aínda perduran vestixios, *Paradeisspiel*, representada na literatura polo *Protoplastos* de Hieronymus Ziegler e pola *Tragedia* de Hans Sachs. En Francia hai xa unha peza literaria do século XII, en francés e latín, a *Representation d'Adam*. En España hóuboas tamén, mais parece que as primeiras mostras literarias das conservadas son dúas do século XVI: *Auto del pecado de Adán* e *Farsa sacramental de la residencia del hombre*. Lope de Vega tratouna despois en *La creación del mundo*. A dependencia da

Textos etnográficos




festa de Laza de calquera destas obras ou doutras semella imposible de determinar. O que poida haber de contaminación ou derivación cunha ceremonia de carácter agrario, tamén.

Un motivo que podería haber para sospeitar isto último e o feito de ir Adán acompañado dos danzantes, como os reis de maio en Inglaterra e Bavaria; outras semellanzas con certas tradicións do Delfinado e doutras partes son tan collidas polos pelos que resulta arriscado tomalas en conta. A crenza de que a Eva de Laza casa no ano ten o seu reverso na de Ostergoetland, onde din que a Noiva de Pentecostés endexamais vai casar; mais isto tampouco di nada en contra da hipótese que discutimos.

A representación do Sacrificio de Isaac ten paralelos dentro da mesma Galicia, por exemplo polo feito de o representaren poñendo en acción mímica un sermón, nas mesmas ceremonias do Encontro e o Desencravo da Semana Santa de Ourense, Allariz, Viveiro, etc. Moitas veces o episodio do **Paradeisspiel** alemán e dos correspondentes doutras partes, e ó ser Isaac imaxe simbólica de Cristo xustifica o que sexa o día da Santa Cruz. De Adán e Eva debemos lembrar que aparecen moitas veces representados nos nosos cruceiros.

Vicente Risco,
“Etnografía: cultura espiritual”,
in *Historia de Galiza* de R. Otero Pedrayo,
vol. 1, 1979



O MAIO: SIMBOLISMO E SIGNIFICACIÓN

Máis dunha vez se dixo que na súa orixe esta festa naceu para celebra-la eclosión primaveral, a chegada do bo tempo (e por conseguinte a morte do inverno) e o rexurdir do mundo vexetal por estar en época da flor (anuncio de abundante colleita), ou por ser cando a semente se xunta coa terra nai. Por iso hoxe aínda se poden achar manifestacións encadrables no primeiro aspecto, como as lúdicas, e outras de carácter agrario propiciatorio ou profiláctico, propias de sociedades que centran a súa cotiá pervivencia no que produce a terra. Se queremos situar este ciclo, cómpre facelo entre as festas da primavera.

Para algúns antropólogos, seguidores en boa medida de Mannhardt, estamos ante os últimos restos ou lembranzas de vellos ritos agrarios cos que o home quería asegurar a colleita. Con eles, os espíritos (en particular os da vexetación) acougarían ou poñeríanse a favor dos que llos fan. Unha das cantigas de alumear o pan -sen dúbida a manifestación agraria máis importante de cantas perviven- lembra o que acabamos de dicir, chegando o animismo ó extremo de que o labrego se dirixa ó centeo como se fose un ser animado:



Textos etnográficos

Mira pan, mira pan,
a larada que che fan;
ó que non che faga nada
non lle deas un gran.


Animismo que tamén se observa nalgúnha impetración para conquista-la nai terra (a que "fai" o froito, segundo a forma de pensar do labrego), por medio do afago:

Fágoche esta laradiña
a ti, leiriña, que eres moi boa,
para que me fagas pan e cebolas.

Para outros non son máis que festexos (os más deles infantís, inda que noutrous tempo puideron ser tamén de adultos) pola chegada do bo tempo, da morte do inverno e do nacemento da primavera. Aquí podemos encadrar aquelas manifestacións lúdicas, coma os maios propiamente ditos, inda que as súas coplas sufrisen grandes trocos no seu contido.

O aguinaldo que se lles entrega (antes en froitos e agora en diñeiro) non é más que para pagarlle a xentileza de anunciar tan feliz suceso, pois os froitos da colleita anterior xa son escasos (cómense as últimas maias para ter forzas ata que maduren as novas) e a floración cando é boa é o mellor presaxio de que os vindeiros serán abundantes.

Coidamos que ambas hipóteses son inseparables e que no fondo teñen os mesmos fins, pois ¿é posible o desenvolvemento da vexetación sen contar co tempo? Non, porque o factor tempo é esencial e imprescindible para a futura colleita. As representacións materiais (as imaxes, se queremos facer uso dunha linguaxe relixiosa) dos espíritos das plantas



Textos etnográficos

virían a ser as figuras dos maios: a árbore, a forma cónica, a piramidal, etc. E, por suposto, a persoa cuberta con pólás, follas e flores. O boneco nalgúns zonas simboliza o inverno que morre; por iso permanece pendurado da árbore durante estes días ou, nalgúns casos, todo o mes.


De grande valor simbólico é a fin dos maios. Depende da poboación, pero hai a tendencia de guindalos a un río dende unha ponte (en Pontevedra dende o Burgo, en Ourense dende a Ponte Vella, en Monforte de Lemos dende a Ponte Nova...), encangallalos a paos e os restos botalos ó río (Pontevedra...) ou queimalos (Ourense...). En tódolos casos a súa destrucción equivale á morte simbólica do inverno. Mesmo entre os maios humanos tamén houbo vilas onde ó rematar o día se "queimaba" o maio. Neste caso as roupas vexetais do neno poñíanllas a un boneco, que era o que se destruía.

Por último tamén temos o maio como vencedor ou polo menos como loitador contra o demo. Os veciños de Requeixo (Pontecesures) soíán canta-la última noite de abril ó alumelas sementeiras:

*¡Queimade, queimade a ese demo da Barosa
que xa vén o maio en busca nosa!*

Xa podían queimar ou escorrenta-lo demo cos seus fachos de colmo, porque axiña chegaría a axuda do maio, ás doce da noite. Neste caso o demo vén a se-lo mal: o inverno, o frío..., mentres o maio simboliza o ben: o bo tempo, a floración e fructificación das plantas... que no mundo cristián remataría por identificarse coa Virxe.

Clodio González Pérez, *A festa dos maios en Galicia*, Ed. Deputación de Pontevedra, 1989.




OS RAMOS DE MAIO

O esconxuro de alumea-lo pan faise en moitos lugares de Galicia con auga bieita espallando nas leiras poliñas de xesta ou codeso. En moitos lugares chántanse estes ramiños nos campos. A fórmula desta beizón en Mourente, preto de Pontevedra, di:

*Cobras e sapos,
bruxas e ratos,
toupas e meigas,
fóra das miñas veigas.*

Este feito de chanta-los ramiños nos campos non é máis que un dos costumes de enramallamento de agros e casas que se fai en moitos lugares de Galicia, especialmente na provincia de Lugo (Quiroga, Meira...) e na de Pontevedra, onde tamén se enfeitan con xestas e codesos os carros de bois, costume que transcendeu ás festas de Corpus, onde aparecen o boi bieito adobiado con ramallos (Redondela).

O paseo con ramiños na man pedindo, pola aldea ou pola vila, o gulódice tradicional -Quiroga, Cambados...- é unha lembranza das beizóns e esconxuros das leiras e subsiste en moitos dos costumes dos maios galegos inda que sen o




Textos etnográficos

ramiño. As loitas, as camisadas, o botarse a rolos polos campos mozos e mozas na primavera, as mesmas ceibas... poden interpretarse como lembranza de vellos ritos fertili-zantes.

Estas prácticas están moi estendidas en toda Europa. En Portugal fanse áinda no Douro, Beira-alta e Minho, enfeitando as casas con ramos de xestas amarelas, chamadas maias, e en Vermuil "maiando o gado", poñendo nas cortes pólás de carballo. En Castela teñen unha deriva-ción nos ramos de San Xoán e en Asturias no ramo das romarías. En Cornualles adórnanse con pólás de sicómoro as portas e os pórticos das casas.

En Francia está moi estendido, con variantes, o cos-tume de poñer ramos diante das casas das noivas o 1º de maio: a práctica do Franco Condado é poñe-los ramos no cumio das casas, no Jura pónense nas chemeinas. Nos Vosgos o primeiro domingo de maio as rapazas van cantan-do de casa en casa na honra do mes, aluden nos cantos a que nel veñen o pan e a fariña; se lles dan diñeiro penduran da porta un ramiño verde, senón desexan nas cantigas moitos nenos e pouco pan para mantelos. Na Mayenna di Frazer que os rapaces que piden deste xeito polas portas chámansen maillotíns e piden diñeiro ou bebida deixando en pagamento unha arboriña de Maio chantada diante da casa. O costume dos trimazots ou trimousets de L'Argonne estudiados por Lallement consiste en pendura-los ramos diante das casas - as cantigas de Neuville-au-Pont, Vienne-le-Chateau, Valmuy, Verrieres... teñen certa semellanza coas nosas-; no Delfinado chantábanse ramos diante das vivendas principais a fins do século XVIII; na Vendée pónense nos campos despois das



rogativas cruces ou pólás de árbores; no Canadá consérvanse aínda algúns destes costumes levados de Francia. Noutras terra atopamos casos semellantes ós nosos de crenza no poder benfeitor da arboriña: en Langensalza pónense ramos nos campos de liño para que medre; Stubbis, o puritano inglés que nos garda tantas deliciosas notas do século XVI, fala de bois levando o Maio cun belido ramiño na punta dos cornos; Sir Henry Piers recolle no século XVII o costume de chantar diante das casas ramos de flores amareladas coa idea de que facéndoo os prados dan pasto de abondo; en Irlanda o ramo ponse enriba das casas para que as vacas dean moito leite; en Alemaña por cada vaca e cabalo ponse o seu ramo. Manhardt multiplica os exemplos deste xénero. Moitos deles proveñen do núcleo de prácticas que cinguen a árbore de Maio: os ramiños proceden del, os bois enfeitados axudan ó seu transporte... Semellante orixe ten a promenade de Maio con ramiños nas mans ou co Maio nas súas diversas formas. Frazer acumula casos deste percorrido e de cabalgadas primaverais. En Abingdón, en Berksire, saen os mozos cantando en grupos na mañá do 1º de maio. En Essex saen as rapazas cunha grilanda cantando polas portas. En Irlanda, nos Vosgos, na Alsacia, en Suecia, en Bohemia, en Suabia, entre os eslavos de Carinthia, atopamos prácticas semellantes. Saen a busca-la árbore de Maio ó bosque, percorren as rúas coa árbore á fronte, piden para o Maio -lembranza de cando se pedía para a divindade da árbore-, cantan...

O botarse a rolos mozos e mozas polos campos é considerado no folclore como derivación dunha superstición fertilizadora. Aínda hoxe en certas comarcas de Alemaña rólan-



Textos etnográficos

se xuntos os mozos e as mozas que cortaron o trigo. En Ucraína as parellas más mozas andan a rolos polos campos recen sementados, no día de San Xurxo.

Xosé Filgueira Valverde,
A festa dos maios, 1927